

Letras Galegas no Gaiás: Ricardo Carvalho Calero

Lectura participativa en liña

Escola de textos de Pilar Pallarés,
Premio Nacional de Poesía

V-

¿Que sentido pode ter a obrigatoriedade do ensino da nosa língua se non cabe o deber de coñecé-la por parte dos galegos? ¿E que sentido ten que a nosa língua sexa língua oficial en Galiza se non teñen por que coñecé-la os que a teñen por língua oficial? ¿Que significa que o galego é a língua propia de Galiza se non rexe o deber de coñecé-la e, portanto, o de estudá-la? Unha língua oficial que non hai obriga de coñecer nen, por tanto, de estudar, ¿como funcionará oficialmente? A língua oficial ¿non é precisamente a que non poden excusar-se de coñecer os suxeitos á correspondente ordenación xurídica? Se eu non teño o deber de coñecé-la, ¿como o meu fillo vai ter o deber de estudá-la? E se ningún ten o deber de coñecé-la nen de estudá-la, ¿por que se chama língua oficial? ¿Porque podo usá-la, se quero, perante as autoridades autonómicas? ¿A iso se reduz a sua cooficialidade? Se cadra tamén ao feito de que no Boletín Oficial do Goberno Autónomo, a carón do rubro en castellano Xunta de Galicia hai que poñer o rubro en galego Xunta de Galicia, e insertar as disposicións en castellano e en galego, línguas que, como se ve, a xuízo da Xunta son dabondo semellantes. ¿É iso unha língua cooficial?

Segundo tal criterio, na práctica o galego sería unha língua para obxectores de conciencia. O galego sería no seu uso unha obxección de conciencia. Así como aos secuaces de certas seitas relixiosas se lles dispensa o uso das armas, así aos secuaces da seita galeguista se lles dispensaría o uso da língua estatal. Como os primeiros poden facer o servizo militar en calidade de enfermeiros, aos membros dessa seita marxinal que se chama galeguismo se lles permitiría o uso oficial da sua língua. E esta sería toda a cooficialidade do galego. Unha situación análoga á da tolerancia de cultos na Constitución de 1876.

(“O galego, obxección de conciencia” [1983], en *Umha voz na Galiza*, 1992)

VI- CONSIDERACIÓNS CRÍTICAS

Un poema sobre unha reliquia arqueolóxica non é unha explicación científica. O poeta selecciona os elementos da realidade para criar a sua poesía. Mais ¿que pensar da inscrición que na delicada nuca da deusa, baixo as graciosas placas dos seus curtos cabelos, semella unha dedicatória? ¿É da man do escultor? ¿Da de un devoto que a grabou tempo andado? ¿la esa preciosa cabeza, esa sagrada image, a estar a mercé do primeiro estilete visitante? Decerto o escultor ou o oferente, en pequenos e ligeiros caracteres cursivos, trazaron esa lenda, da que o poeta prescinde. ¿Aos amores seródios? Non foi un aprendiz, non foi un mozo o que afinou até o indícelo a curva do queixo, o que esfumou até o límite a ollada ingénua, sábia, infantil, madura desa feminidade divina. Unha primavera que é ja estio, un estio que é ainda primavera: a feminidade no seu cumo apreijada como unha pomba no meridiano do seu voo. O cincel escorregou como unha delicada caricia, como unha ternísima elegia por aquelas meixelas, por aquela fronte, polo colo aquel. Aos amores seródios. Non foi un aprendiz, non foi un mozo. Foi un grande artista descoñecido, na plenitude do seu génio, na declinación da sua vida, quen labrou esa cabeza de muller, na que, con un sabor de realidade singular desusual na estatuaria grega, triunfa, endebén, o símbolo da mocidade, na lediza da perfeizón e na saudade do adeus.

(*Aos amores seródios* [1979], en *Narrativa completa*, 1984)

Letras Galegas no Gaiás: Ricardo Carvalho Calero

Lectura participativa en liña

Escolma de textos de Pilar Pallarés,
Premio Nacional de Poesía

VII-

Em Castelao amamos nós, os que amamos Castelao e nom nos amamos em Castelao, aquela graça comovedora que, feita de sal do mar de Arousa e de ritmo de pés de peixeira em dança gremial e ritual, engaiola o coração e prende os olhos, e nos convida a entrar no coro e a cantar no coro; aquela simpatia humana, limpa como água de fonte montesia e risonha como foula de marusia ribeirenha, que constituía o encanto de Sabela, a moça que ensinou a valsar ao nosso escritor. Deste jeito, como aquela gentilíssima canéfora, como aquela lançalíssima bailadora, é popular Castelao. Nom popular como Nicolasa Anhom, ou Pepe da Jam Banha, labregos que escreveram como labregos. Ou como o próprio Lamas, ou como Garcia Barros, que pintaram com muito jeito o mundo rural, mas que nom quigérom ultrapassar os valados da devesa. Castelao acha na realidade popular o ideal da humanidade. Descobre a elegância do popular, a elegância de Sabela. Nisto mui poucos escritores galegos o acompañham, mas entre eles há um arousano, como Cabanilhas, que entoou a antífona da cantiga. Musa do mar de Arousa, sereia de olhos verdes e ledos, Sabela nom envelheceu. Se o escritor a encontrou transformada polos trabalhos e os anos da sua vida, quando el desembarcou no porto de Rianjo entre o estróncio dos foguetes, tal encontro tivo lugar no mundo sujeito à escravatura do tempo. Mas a Sabela moça é a mesma obra de Castelao, eternamente renovada, que nos força, com o seu enlevo imarcescível, à comunhom ritual com a graça popular da prestâncía rítmica e a simpatia fraterna. Nom nos decidiremos a dogmatizar; mas nom estranhemos que muitos - quiçá nós - saúdem em Castelao ao primeiro prosista da literatura galega. O que cingiu com mais meiguice o vao de Sabela e com mais autenticidate a acompanhou na incomparável formosura da rítmica da nossa língua, em que dança o espírito do nosso povo.

("Profissionalidade e popularidade na prosa de Castelao" [1976], en *Escritos sobre Castelao*, 1989)

VIII- ELEGIA VENECIANA

Podedes me borrar do Libro de Ouro,
meus compatrióticos.

Hai tempo que nom coido se o turco rube ou baixa,
e os meus buques están ancorados no molle.

Non me tenta ocultar a miña calva
baixo a tiara do dogo.
Un corno e un roupón non me preservarian
dos arrañóns de tantos senadores.

Que outro celebre as suas núpcias co mar.
A boca dessa esposa é demasiado amarga.
Prefiro-me solteiro, ceibo de tal beleza,
que abala como quer e atraizoa aos seus homes.

Ti, Foscari; ti, Dándolo; ti, Loredano, ollades-me
sen dúbida co horror con que a un irmán perdido.
Quizá teño algun sangue dun Otelo ignorado,
e o meu torgo non é enxebre de Aquilea.

Non me retratarán Bellini nen Tiziano;
escuro morrerei, pobre gallo esquecido.
Maisollo o mar rillar as pedras de Venécia,
e atopo triste o antroido da vella Sereníssima.

(*Futuro condicional* [1961-1980], 1982)

IX- REINTEGRAÇOM NO SISTEMA

O porvir do galego, pois, está na sua coordenaçom com as demais polas do velho tronco galego-português. Se, segundo querem os separatistas, se obstinasse em permanecer isolado do português, como se nom formasse parte do mesmo sistema, as suas probabilidades de sobrevivênci seriam escassas, e, a longo prazo, nulas. Haveria eruditos dialectólogos que poderiam continuar estudiando o galego, e mesmo poderíamos estabelecer reservas subsidiadas onde se favorecesse a conservaçom do uso do idioma. Generosas subvençons podiam manter em certas zonas rurais umha arcaica situaçom, de jeito que os habitantes dessas reservas, que tamém poderiam vestir os seus trajes típicos e bailar as suas danças peculiares, falassem assi mesmo a nossa velha língua, ao menos cando fossem visitados polos turistas ou os antropólogos interessados polas formas ancestrais do folclore.

Mas se queremos que o galego seja umha linguagem viva, que poda ser usada a todos os níveis, como língua privada e pública, deveremos reconhecer que, ainda conservando as suas peculiaridades locais, deve ter em conta a marcha geral do sistema. Pouco porvir pode enxergar-se para um valenciano isolado do catalám, para um andaluz separado do castelhano. Esse porvir de reserva etnográfica que temos agoirado ao galego. O galeguismo, que foi sempre um movimento cultural, ainda que, como é natural, arbitrou umha política ao serviço dos seus ideais, nom pode ser hoje tam reaccionário que queira paralisar o curso da história, cegando os caminhos por que o galego pode recuperar a sua vitalidade. O campo onde os distintos idiomas ham competir é hoje um campo internacional, e a língua que nom poda comparecer neste terreno de jogo, deve retirar-se a esperar a sua desapariçom do mundo dos idiomas vivos. O galego nom pode subsistir como língua meramente regional, porque essas limitaçons som incompatíveis com o dinamismo actual dos instrumentos culturais. O castelhano, que o desalojara do uso público, acabaria por desalojá-lo do mesmo recinto familiar. Mas se o galego se sente parte de umha comunidade lingüística de cento cinqüenta milhões de falantes, os pais dos miúdos que hoje se resistem a que os seus filhos aprendam galego, por considerarem isso umha perda de tempo, teriam seguramente motivos para reconsiderar as suas opinions.

(“Sobre a situaçom do galego” [1986], en *Do galego e da Galiza*, 1990)

X- O OURO DA ROUQUEIRA

Os fortes tumbos dados na portada coas culatras dos trabucos, despertaron a don José Manuel. Non era o pesadelo medoñento da dona que tantas noites o erguera do leito, no que se deitaba agiña para recoller o sono namentres ao seu carón latejaba o corazón alporizado da muller. Esta vez era a realidade a que chamaba à porta. Abaixo latricaban Mari Pepa e o seu home. Ouveaban os cans. As criadas berraban pola escada. Rosário erguera-se. As suas pasadas esbaraban polo pasigo. Dona Mercedes, que no primeiro momento se tiña asulagado baixo as mantas, choutara logo ao chan cabo do marido, e apertada a el tremia de friage e de medo.

- Coida dos nenos; que non desperten - dicia-lle don José Manuel-. Eu vou abaixo. Ti tapa-te. Deixa-me. Veste-te. Poden subir.

Na escada, con un fungueiro na man, aguardaba o caseiro, José; detrás, a Mari Pepa con unha galla.

- Chaman pola currada, señorito. Esconda-se até que poda fugir por calquer sítio.

- Non, José. Un dia tiña que ser. Ja a Barreira era a única casa de señores que non asaltaran eses bandidos. Pousade iso e imos ver de que jeito os trabucamos. Ven comigo, José: e ti, Mari Pepa, recolle os jamóns e os untos que podas, mais deixa dabondo: non seja que sospeiten e den en procurá-los.

E don José Manuel, ainda rejo e forte, ia diante do caseiro, que ja arrastaba as zocas, erguendo trancas e abrindo portas. Facia-o con mágoa e con carrage. Se el non fose o único home da Barreira - o José ja non contaba -, ben poderian ser defendidos aqueles muros, como o foran cando nos tempos do seu pai os atacaran os homes do abade de Eiris.

Non abriría pola currada. Quería abrir ante aquel fato de pillastres o grande portón, e facé-los pasar baixo o arco e atravesar o grande pátio interior antes de chegar á cociña. El sabía que nas partidas desta nova carlistada figuraban mozos coñecidos, quizá fillos de caseiros: ¿por que, se non, puñan o pano sobre o rosto enfarruscado? Moitas bandas tiñan de carlistas o que el de crego: era a desculpa para roubar. ¿Non se desmaiarian ao pasar baixo o arco aqueles que só ousaban decote entrar pola currada se a dona e Mari Pepa os deixaban pasar? E ademais, para chegar á grande porta tiñan más que andar, e a Mari Pepa podería meter millor os jamóns e os untos nas moreas de tojos e de estrume.

(A gente da Barreira [1951], en *Narrativa completa*, 1984)

XI-

Ao meu xuicio, Otero Pedrayo non cabe en Galicia, na Galicia limitada, más que polos montes e os ríos que a separan de Portugal e da meseta, pola estreitez de miras dos que o pensan todo en termos de alfândegas e xurisdiccións. ¿Pódese decir realmente de Otero que fora un nacionalista? Un dos grupos constitutivos do Partido Galeguista foi un partido nacionalista de Ourense, no que Otero militaba. Mais diríamós que como na táboa de Porfirio todo xénero tórnase especie dentro dun xénero superior, así en Otero a nación galega era parte de outra nación, e cicáis ésta de outra, e a diversos nivéis, a nación galega podía considerarse ensanchada ate os límites da nación europea, ou a nación cristiana, e non hai por qué rubir máis banzos na esqueira das xeneralizacións, porque católico significa universal. Como para Curros o idioma universal sería o galego, diríamós que para Otero a nación universal sería Galicia. Galicia era para Otero o universo familiar, e a xeito dun breviario de totalidade cósmica. A súa visión do corpo físico e da alma creadora de Galicia está constantemente impregnada de comparativismo. Algo de Florencia semella alentar nos pazos catrocentistas de Noia. O propósito anunciado por Vicetto de rematar a súa vida literaria unha vez concluso *El lago de la Limia*, ten certa semellanza co despedirse de Chateaubriand ao ter rematado *Les martyrs*. Para Otero, por calquer lado que se mire, Galicia foi universal cando foi enxebremente galega. O galeguismo de Otero era un reintegracionismo en Europa.

("Otero Pedrayo: unha visión de Galicia" [1977], en *Libros e autores galegos. Século XX*, 1982)